

**RESOLUCIÓN DO 22 DE OUTUBRO DE 2019 DO TRIBUNAL DESIGNADO PARA XULGAR O PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO E INGRESO NOS CORPOS DA POLICÍA LOCAL DE GALICIA, ESCALA BÁSICA, CATEGORÍA DE POLICÍA, QUENDA DE ACCESO LIBRE, CONVOCADO POLA ORDE DO 31 DE MAIO DE 2019 (DOG NÚM. 115, DO 19 DE XUÑO) POLA QUE SE LLE DA PUBLICIDADE A DIVERSOS ACORDOS.**

Na sesión que tivo lugar o día 22 de outubro, o tribunal nomeado pola Orde do 30 de setembro de 2019 (DOG núm. 195, do 14 de outubro), adoptou os seguintes acordos:

1. Informar da constitución válida e legal deste tribunal con data 15 de outubro de 2019.
2. O primeiro exercicio do proceso selectivo levaranse a cabo o día 27 de outubro de 2019 no Pavillón nº2 do Recinto Feiral de Silleda a partir das 10:00 horas en chamamento único:
  - O primeiro exercicio consistirá nunha proba de avaliación de coñecementos tipo test con 100 preguntas e catro respostas alternativas, sendo unha soa a correcta. Este Tribunal acordou incluír no cuestionario, un total de 5 preguntas de reserva, que no suposto que se anule algunha das cuestións da proba de coñecementos, teranse en conta e puntuaranse igual que as do resto do exercicio.
  - A proba terá unha duración de 120 minutos, e non se concederá tempo a maiores.
  - Non está permitido o acceso ao recinto onde se vai a desenvolver o exercicio con teléfonos móbiles, reloxos intelixentes ou calquera outro aparato electrónico. Non se habilitará ningún servizo para a súa recollida ou depósito
  - Non se poderá abandonar o lugar de realización da proba ata o remate do tempo máximo fixado para a súa realización.
  - Unha vez comezada a proba, non se permitirá levantarse nin ir aos aseos, e aqueles que por motivos médicos o precisen, deberán levar o correspondente certificado asinado por un facultativo.

- Concedéranse dous días (28 e 29 de outubro) para presentar alegacións as preguntas do cuestionario e as mesmas remitiranse a dirección de correo electrónico: tribunal-policialocal.agasp@xunta.gal, indicando nome, apelidos, número do DNI e cuestión que se impugna e motivo.
  - Serán convocados a realización do terceiro exercicio (probas físicas) os 350 opositores que resulten aprobados con mellor cualificación na proba de avaliación de coñecementos, sempre que superaran o exame de acordo co establecido no anexo 4.1 das bases da convocatoria e sexan aptos/as na proba de coñecementos da lingua galega ou estean exentos/as da súa realización.
  - Advírtese aos aspirantes que durante a realización do exercicio poderáselles solicitar que deixen visibles os pavillóns auditivos.
3. A segunda proba do proceso selectivo, correspondente a avaliación de coñecementos da lingua galega, realizarase a continuación da proba de coñecementos e haberá un novo chamamento.
- Consistirá na tradución dun texto do castelán ao galego e outro do galego ao castelán e terá unha duración máxima dunha hora.

A Estrada, 22 de outubro de 2019

O Presidente do tribunal

  
Alejandro Tuero González